



**O ALCALDE DE NIGRÁN ENTREGA O PREMIO DO I CONCURSO
FOTOGRAFICO "NIGRÁN TODO O QUE BUSCAS"**

**Rosa María Rodríguez, nai de Javier Campos, foi a encargada de recoller
o galardón, que consistía nunha clase de surf**

**No evento reveláronse as instantáneas que resultaron finalistas e que se
empregarán en futuras campañas turísticas do municipio**

Nigrán, 07/04/2016.- O alcalde de Nigrán, Juan González, entregou esta mañá o premio do I Concurso Fotográfico "Nigrán, todo o que buscas", no que resultou gañador Javier Campos Rodríguez, de 26 anos e veciño de Baiona. A súa nai, Rosa María Rodríguez, foi a encargada de recoller o galardón, consistente nunha clase de surf, nun acto celebrado no Auditorio Municipal ao que asistiron o rexedor nigranense, a concelleira de Cultura, Xuventude e Igualdade, Ana Pérez, o edil de Educación e Deportes, José Luis Sanromán, o fotógrafo profesional Adrián Irago e representantes de Patos Surf Escola.

No evento tamén se deron a coñecer os nomes dos autores das instantáneas finalistas coas que se pretenden realizar distintas campañas de promoción turística da localidade. Estes son: Deborah Torres, Victoria Lvova, Santiago Rodríguez Díaz, Lucinda Abreu, Martín V. Fernández, Héctor Fernández, Alexandra Pazos, John Morrissey, Javier Iglesias, Fernando Gainzarain, Tita Tur Grivé e Víctor Gómez Romero. Porén, dada a beleza das fotografías, todas formarán parte dunha exposición que se estreará nos vindeiros meses.

Estas iniciativas veñen consolidar o principal obxectivo do certame: dar visibilidade ás xoias turísticas do municipio a través da mirada daqueles que disfrutan das súas praias, monumentos, ríos ou montes.



O certame en cifras

Na primeira edición do concurso, que se levou a cabo do 19 ao 28 de marzo a través das redes sociais do Concello, participaron 59 persoas aínda que as cifras alcanzadas co [álbum](#) foron moi superiores. En total, 30.923 usuarios seguiron o certame a través do [perfil de Facebook](#) da Concellaría de Turismo, nas distintas imaxes rexistráronse 12.994 clics e entre o número de reaccións, comentarios e veces partilladas acadouse un volume de 1.893 interaccións.